



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

31 JUL 2024 12:04:47

Entrada **34904**

Problemas de acumulación de envíos postais sen repartir debido á falta de persoal en Correos

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos problemas de acumulación de envíos postais sen repartir debido á falta de persoal nas oficinas de Correos da Galiza.**

A Sociedade Estatal Correos acumula numerosas deficiencias, especialmente, en materia de persoal e de medios materiais. Esta situación agudízase especialmente no verán, época en que na Galiza se repiten os mesmos problemas sen que Correos actúe con antelación e previsión que atenda á necesidade de cubrir as vacantes resultado do cadro de vacacións ou baixas e outras insuficiencias que levan a situacións de atascos na repartición postal, imposible de asumir por parte do persoal que se mantén en activo. Unha falta de persoal engadida na época estival e que se suma á que xa existe en distintas oficinas todo o ano.

Sirva de exemplo a situación na oficina de Correos de Lalín cuxos traballadores e traballadoras víronse obrigados a mobilizarse o pasado 18 de xullo para demandar a Correos que cubra as catro prazas vacantes para pór remedio á sobrecarga de traballo que sofren. A proposta que Correos trasladou é un absoluto despropósito, pois pretende exixir que se redistribúa a carga de traballo entre os carteiros e carteiros en activo e extinguir definitivamente as catro prazas vacantes. É dicir, propón máis precariedade laboral como único remedio, algo que, lóxicamente, rexeita o persoal actual porque implica asumir máis carga de traballo cando xa non poden cumprir coas súas propias rutas e

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

31 JUL 2024 12:04:47

Entrada **34904**



aumentar o estrés laboral que padecen. Correos, está a facer, de facto, recortes e exixindo que o persoal pague as consecuencias.

A situación en Santiago de Compostela e nos concellos limítrofes é tamén moi deficitaria. Desde xuño están a multiplicarse os problemas de atasco na repartición da correspondencia debido á falta de persoal para atender a carga de traballo. Chove sobre mollado porque son as mesmas deficiencias pero agora multiplicadas no período estival polas vacacións de moitas e moitos traballadores.

Segundo os datos facilitados polo sindicato CIG-Correos e que foron comprobados *in situ* tras visitar as unidades de repartición en Santiago, a mediados de xullo advertiron que na zona urbana de Santiago podían acumularse máis de 8.000 cartas sen repartir, ademais dunhas 800 notificacións de distintos organismos oficiais. A respecto da situación nos concellos limítrofes e dependentes postalmente da Unidade de Repartición número 2 de Santiago (Municipios de Touro, O Pino, Val do Dubra, Vedra e Boqueixón) calcularon que a diario quedarían máis de 1.500 envíos de correspondencia sen repartir. No concello de Ames contabilízanse máis de 1.500 obxectos postais sen distribuír diariamente.

Durante o pasado mes de xuño, o persoal de repartición da unidade de Lugo UR1 tamén se mobilizou para denunciar a política de mínima contratación de Correos para a campaña de verán. Repítese o mesmo guión: falta de carteiros e carteiras, sobrecarga de traballo inasumíbel, acumulación de envíos sen repartir en numerosos barrios e rúas da cidade. Nos últimos anos nesta unidade pasouse dun cadro persoal de 44 persoas ao actual de 33.

Os representantes dos traballadores do sindicato CIG levan tempo advertindo a Correos da necesidade de actuar con previsión e dispoñer de persoal suficiente de forma cotiá pero tamén nos períodos de vacacións.

A situación que describimos é extensíbel a case todas as oficinas postais da Galiza sen que Correos asuma a súa responsabilidade e adopte medidas. Unha falta de actuación que non é só unha mera desidia senón, directamente,



unha mala xestión ou, máis correctamente, unha precarización intencionada do servizo.

Os traballadores e traballadoras son obrigados a enfrentar un estrés laboral agravado por non poder abarcar todo o traballo existente, e son conscientes de que, na actual situación, non poden garantir un servizo de calidade conforme ao estipulado na lei postal. O BNG demanda, máis unha vez, que Correos cubra todas as prazas vacantes e que contrate o persoal necesario para prestar un servizo adecuado á cidadanía.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Por que razón a Sociedade Estatal Correos non garante o persoal suficiente e necesario nas oficinas postais da Galiza en datas de inicio das quendas de vacacións? A que se debe dita pasividade?
2. É consciente da situación de colapso e de acumulación de envíos que se vive en lugares como Lalín, Santiago de Compostela, Lugo e outras moitas oficinas postais?
3. É consciente Correos que á situación de déficit de persoal que estas oficinas arrastran de forma estrutural súmanse as quendas de vacacións de verán que non se cobren e que provocan aínda maior sobrecarga de traballo no persoal restante?
4. Como se explica que desde unha Entidade pública se practique unha política laboral de precariedade que incrementa notabelmente o estrés laboral dos carteiros e cartieras?
5. En que se xustifica Correos para denegar en Lalín a cobertura das 4 prazas vacantes desde hai tempo? Dialogará cos traballadores e traballadoras para solucionar esta situación deficitaria de persoal?



6. Vai cubrir as baixas e as quendas de vacacións nas oficinas postais de Santiago de Compostela onde se están producindo importantes acumulacións de correspondencia e paquetes postais sen repartir?
7. Vai escoitar as demandas do persoal da unidade de Lugo UR1 e dotala de suficiente persoal?
8. Con carácter xeral, Adoptará Correos as medidas necesarias para solucionar os problemas de insuficiencia de persoal nas oficinas postais da Galiza, especialmente na dotación de carteiros e carteirosas, para que se poida ofrecer un servizo postal de calidade e conforme ao estipulado na lei postal?
9. É posíbel que faga un Plan de dotación de persoal que analice as necesidades?

Madrid, a 31 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los problemas de acumulación de envíos postales sin repartir debido a la falta de personal en las oficinas de Correos de Galiza.**

La Sociedad Estatal Correos acumula numerosas deficiencias, especialmente, en materia de personal y de medios materiales. Esta situación se agudiza especialmente en verano, época en que en Galiza se repiten los mismos problemas sin que Correos actúe con antelación y previsión que atienda a la necesidad de cubrir las vacantes resultado del cuadro de vacaciones o bajas y otras insuficiencias que llevan a situaciones de atascos en el reparto postal, imposible de asumir por parte del personal que se mantiene en activo. Una falta de personal añadida en la época estival y que se suma a la que ya existe en distintas oficinas todo el año.

Sirva de ejemplo la situación en la oficina de Correos de Lalín cuyos trabajadores y trabajadoras se vieron obligados a movilizarse el pasado 18 de julio para demandar a Correos que cubra las cuatro plazas vacantes para poner remedio a la sobrecarga de trabajo que sufren. La propuesta que Correos trasladó é un absoluto despropósito, pues pretende exigir que se redistribuya la carga de trabajo entre los carteros y carteras en activo y extinguir definitivamente las cuatro plazas vacantes. Es decir, propone más precariedad laboral como único remedio, algo que, lógicamente, rechaza el personal actual porque implica asumir más carga de trabajo cuando ya no pueden cumplir con sus propias rutas y aumentar el estrés laboral que



padecen. Correos, está haciendo, *de facto*, recortes y exigiendo que el personal pague las consecuencias.

La situación en Santiago de Compostela y en los concellos limítrofes es también muy deficitaria. Desde junio están multiplicándose los problemas de atasco en el reparto de la correspondencia debido a la falta de personal para atender la carga de trabajo. Lluve sobre mojado porque son las mismas deficiencias pero ahora multiplicadas en el período estival por las vacaciones de muchas y muchos trabajadores.

Según los datos facilitados por el sindicato CIG-Correos y que fueron comprobados *in situ* tras visitar las unidades de reparto en Santiago, a mediados de julio advirtieron que en la zona urbana de Santiago podían acumularse más de 8.000 cartas sin repartir, además de unas 800 notificaciones de distintos organismos oficiales. A respecto de la situación en los ayuntamientos limítrofes y dependientes postalmente de la Unidad de Reparto número 2 de Santiago (Municipios de Touro, O Pino, Val do Dubra, Vedra y Boqueixón) calcularon que a diario quedarían más de 1.500 envíos de correspondencia sin repartir. En el Concello de Ames se contabilizan más de 1.500 objetos postales sin distribuir diariamente.

Durante el pasado mes de junio, el personal de reparto de la unidad de Lugo UR1 también se movilizó para denunciar la política de mínima contratación de Correos para la campaña de verano. Se repite el mismo guión: falta de carteros y carteras, sobrecarga de trabajo inasumible, acumulación de envíos sin repartir en numerosos barrios y calles de la ciudad. En los últimos años en esta unidad se pasó de una plantilla de 44 personas al actual de 33.

Los representantes de los trabajadores del sindicato CIG llevan tiempo advirtiendo a Correos de la necesidad de actuar con previsión y disponer de personal suficiente de forma cotidiana pero también en los períodos de vacaciones.

La situación que describimos es extensible a casi todas las oficinas postales de Galiza sin que Correos asuma su responsabilidad y adopte medidas. Una falta



de actuación que no es solo una mera desidia sino, directamente, una mala gestión o, más correctamente, una precarización intencionada del servicio.

Los trabajadores y trabajadoras son obligados a enfrentar un estrés laboral agravado por no poder abarcar todo el trabajo existente y son conscientes de que, en la actual situación, no pueden garantizar un servicio de calidad conforme a lo estipulado en la ley postal. El BNG demanda, de nuevo, que Correos cubra todas las plazas vacantes y que contrate el personal necesario para prestar un servicio adecuado a la ciudadanía.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Por qué razón la Sociedad Estatal Correos no garantiz el personal suficiente y necesario en las oficinas postales de Galiza en las fechas de inicio de los turnos de vacaciones? ¿A qué se debe esta pasividad?
2. ¿Es consciente de la situación de colapso y de acumulación de envíos que se vive en lugares como Lalín, Santiago de Compostela, Lugo y otras muchas oficinas postales?
3. ¿Es consciente Correos que a la situación de déficit de personal que estas oficinas arrastran de forma estructural se suman los turnos de vacaciones de verano que no se cobren y que provocan aún mayor sobrecarga de trabajo en el personal restante?
4. ¿Cómo se explica que desde una Entidad pública se practique una política laboral de precariedad que incrementa notablemente el estrés laboral de los carteros y carteras?
5. ¿En qué se justifica Correos para denegar en Lalín la cobertura de las 4 plazas vacantes desde hace tiempo? ¿Dialogará con los trabajadores y trabajadoras para solucionar esta situación deficitaria de personal?



6. ¿Cubrirá las bajas y los turnos de vacaciones en las oficinas postales de Santiago de Compostela donde se están produciendo importantes acumulaciones de correspondencia y paquetes postales sin repartir?
7. ¿Escuchará las demandas del personal de la unidad de Lugo UR1 y la dotará de suficiente personal?
8. Con carácter general, ¿Adoptará Correos las medidas necesarias para solucionar los problemas de insuficiencia de personal en las oficinas postales de Galiza, especialmente en la dotación de carteros y carteras, para que se pueda ofrecer un servicio postal de calidad y conforme al estipulado en la ley postal?
9. ¿Es posible que haga un Plan de dotación de personal que analice las necesidades?

Madrid, a 31 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso